

TEMA, ESQUEMA E RESUMO DUN TEXTO

TEMA

O tema é a idea que sintetiza o contido dun texto. É recomendable comezar a súa redacción por: “O tema deste texto é...” Para dar co tema dun texto cómpre lelo con atención e tentar dar coa idea xeral. Logo cómpre ampliar un chisco (se é moi xeral, resulta insuficiente) para centrar máis o foco. Con esas dúas premisas debemos redactar unha oración, non máis.

Ex. Tema de Mamasunción

O tema da curtamentraxa Mamasunción é a espera dunha nai polas noticias do fillo emigrado.

A curta trata o tema do sufrimento que provoca a emigración, tanto para os que marchan como para os que quedan.

ESQUEMA E RESUMO

O resumo amplia o tema e engádelle os matices necesarios para completar toda a información. Esta ampliación da información pódennola pedir en formato resumo (redactado) ou esquema (esquemático): o que cambia é a redacción final, mais o proceso de elaboración é o mesmo.

O fundamental á hora de facer un resumo / esquema é ler o texto varias veces: unha primeira lectura rápida para ter unha idea do tema central, e unha segunda na que subliñemos as ideas principais e secundarias. É recomendable subliñar en distintas cores ou subliñar unhas e recadrar outras.

No texto que usaremos como exemplo, marcamos en vermello a idea principal do texto e en azul as secundarias. Como consello, habitualmente cada parágrafo debería conter unha idea principal coas súas secundarias, aínda que non sempre resulta ser así.

O seguinte paso consiste en darlle forma ao resumo ou ao esquema:

Para o esquema temos a opción de facelo con claves, frechas ou números, organizados xerarquicamente: primeiro as máis importantes e, logo, as que consideremos que vaian tendo menos importancia. Logo hai que prestar atención á redacción: non copiar do texto e redactar con condición (se algunha idea ocupa máis dunha liña, está mal redactada, xa que debería ocupar menos). Unha vez feito o esquema, podemos avanzar un chanzo máis e facer un resumo do texto, que vén sendo unha redacción do esquema.

No caso do resumo fariamos unha redacción que non supere 1/4 do tamaño do texto orixinal. No resumo cómpre ser conciso, non redundante, e non copiar anacos do texto. Aquí tamén non se trata de facer un *collage* do texto, senón en expresar o seu contido coas nosas verbas. Cómpre ser ordenados e procurar que as ideas estean ben cohesionadas (ligadas) entre si e que haxa variedade (riqueza léxica) e non repeticións (nada de repeticións nin enumeracións). Tamén cómpre non opinar, xa que non é iso o que nos piden.

Ex. Resumo de Mamasunción:

Asunción espera desde hai corenta anos noticias do seu fillo emigrado. Acode todos os días a Correos até que un día recibe unha carta. O seu mundo gris torna feliz, mais só dura uns días. Unha segunda misiva infórmaa da morte do fillo cando contaba voltar. Tamén a informa dunha herdanza millonaria, que ela queima en canto chega, para enfado veciñal. Mais ela non quería os cartos, quería o fillo.

Exemplo de esquema e resumo dun texto:

TEXTO

Análise das ideas principais do texto (principais en vermello, secundarias en azul):

Ata hai ben poucos anos, **as galegas e os galegos eramos bos coñecedores do medio que nos rodeaba**. Cada recuncho tiña o seu nome, boa parte das especies animais e vexetais tiñan o seu uso e requirían a súa técnica de pesca ou de caza, de cultivo ou recolección, de conservación e elaboración. A necesidade de coñecemento do medio, da natureza e das súas posibilidades **era vital**. **A transmisión de xeración en xeración** foi seleccionando as mellores plantas para facer cestos, para tinguir, con propiedades medicinais ou culinarias.

Este "**sistema tradicional de coñecemento**" desapareceu por diversos motivos. Principalmente, porque **son saberes que parece que non se precisan nunha sociedade moderna e globalizada** onde as mazás veñen de Chile, os espárragos da China e as empanadas agardan conxeladas no frigorífico. Pero tamén porque **xa non existen os espazos para que se produza esta transmisión**. A televisión co seu "ruído e resplandor" apenas deixa lugar para a conversa, e moito menos para os contos dos maiores. **Desfasados e perdidos na modernidade, os contos dos vellos non son estimulantes para a mocidade**. Os vellos non cren que a súa sabedoría sexa interesante para os netos e estes pensan que pouco poden aprender de persoas que non saben manexar o MP3 ou a Nintendo.

Porén, existen numerosos espazos nos que se poden recuperar e rememorar estes saberes. **Asociacións ou centros de ensino** poden cumprir a función social que antes tiñan as muiñadas ou os serás. Se a capacidade de reter información foi a que nos fixo chegar ata aquí, alén do actual coñecemento sobre cales son os coches máis eficientes e as mellores marcas de roupa ou calzado, por que non manter esta información vital? **Estamos seguros que esa bagaxe non nos vai servir no futuro? Non nos serve hoxe?**

Esquema do texto:

1. O descoñecemento cada vez maior do medio que nos rodea:
 1. Causas:
 1. Xa non é un coñecemento vital para a supervivencia.
 2. Ruptura da transmisión interxeracional:
 - 2.1 O pouco valor que lle dan os vellos a estes coñecementos.
 - 2.2 Os novos non aprecian este saber.
 - 2.3 Desaparición dos contextos nos que se trasmitían estes coñecementos.
 2. Solucións:
 - 2.1 Trasmitir estes saberes en escolas ou asociacións.
 - 2.2. Importancia de preservar este coñecemento para o futuro.

Resumo do texto:

O texto trata de como xa non se transmiten coñecementos que outrora foron esenciais para o coñecemento do medio, a supervivencia nel e o seu mellor aproveitamento. O texto tamén reflexiona sobre as causas desta perda. E apunta a conveniencia e o modo de preservar este coñecemento para as xeracións futuras.